

IES PORTA DA AUGA – RIBADEO

Curso 2006-07

DEPARTAMENTO: HISTORIA

PROGRAMACIÓN DA ÁREA/MATERIA: HISTORIA DE ESPAÑA

**ENSINANZAS:
BACHARELATO
HUMANIDADES E
TECNOLÓXICO**

CURSO:
2º

Obxectivos xerais:

- Valorar cumpridamente feitos e sucesos significativos da Historia de España
- Tomar conciencia e responsabilidade fronte a problemas actuais
- Comprender os principais procesos políticos, sociais e económicos da Historia de España
- Adquirir un senso crítico acerca de problemas que nos afectan na actualidade e identificar as súas raíces históricas
- Analizar e explicar a pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual, comprendendo os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento cunha actitude solidaria
- Manexar conseguridade os conceptos propios da Historia, extraer información de fontes directas, valorar interpretacións historiográficas
- Valorar a pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal, cunha visión solidaria e respetuosa.
- Adquirir unha terminoloxía básica no periodo a estudar

PRIMEIRA AVALIACIÓN		
Contidos: A TRANSICIÓN DO ANTIGO RÉXIME Á ESPAÑA CONTEMPORÁNEA - As unidades integrantes da Coroa española. O centralismo borbónico - O Antigo Réxime. O reformismo Ilustrado - O impacto da revolución francesa. Guerra de Independencia. Cadiz 1812 - A revolución liberal e as reaccións absolutistas A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL - A España isabelina. Carlismo e Liberalismo. O Estado dos moderados - O Sexenio Democrático. Const. De 1869. A 1ª República e o federalismo	Procedementos: - Manexo e contraste de textos - Manexo de estatísticas económicas - Establecer diferencias entre distintos sistemas políticos: República- Monarquía. Absolutismo-Liberalismo etc - Diferenciar ideoloxías: conservadores, progresistas etc - Comparar documentalmente Constitución	Actitudes: - Valoración de épocas e culturas distintas - Toma de conciencia da necesidade dunha formación histórica para adoptar unha posición social crítica propia - Interese por coñecer as causas e os motivos das actuacións persoais nos cambios históricos - Valoración crítica dos diversos modelos de organización do poder político - Interese por coñecer as raíces da comunidade histórica galega e compromiso na defensa do seu patrimonio cultural - Valoración do sufraxio universal como aportación esencial ó desenvolvemento das sociedades democráticas
SEGUNDA AVALAICIÓN		
Contidos: - A RESTAURACIÓN. A Const. De 1876 A crise da Restauración. Do desastre de Cuba ata a folga de 1917. Rexeneracionismo e xeneración do 98 - Os nacionalismos: Galica, Pais Vasco e Cataluña AS TRANSFORMACIÓNS SOCIOECONÓMICAS NO SÉCULO XIX - O Liberalismo e o cambio agrario. As desamortizacións. A evolución diverxente da agricultura. O caso galego - A modernización demográfica. Os movementos migratorios - Os novos grupos sociais. Nacemento do movemento obreiro e do agrarismo - Cambio e permanencia na cultura, nos valores e nas ideas de España e Galicia ESPAÑA NO PERIODO DE ENTREGUERRAS - A Dictadura de Primo de Rivera. Desenvolvemento da oposición e a crise da Monarquía	Procedementos: - Analizar diferenciando o nacente nacionalismo (documentalmente) vasco, catalán e galego - Identificación e análise dos factores causantes dos desequilibrios territoriais - Establecemento de relacións entre a industrialización e a evolución demográfica e social, os movementos migratorios, os medios de transporte, as repercusións no ámbito familiar, os cambios na alimentación, a hixiene etc - Contrastación de información diverxente para analizar algún feito da Historia Contemporánea de España. - Análise e clasificación dos distintos factores que interveñen nunha situación de conflito - Identificación dos acontecementos internacionais (revolución rusa, auxe dos fascismos etc) que inflúen na situación española deste período - Recoñecemento de rasgos de intolerancia en políticos de rasgos totalitarios.	Actitudes: - Valoración das melloras nas condicións de vida actuais como resultado das conquistas sociais - Respecto polas sociedades que teñen unha forma de vida diferente á nosa, valorando a pluralidade e relativizando o valor da nosa cultura - Toma de conciencia das desigualdades dentro da poboación galega, española e mundial - Rexeitamento do dogmatismo e a violencia e recoñecemento do valor do dialogo e a tolerancia para resolver os conflitos - Respecto ós pobos, nacións e Estados a exercer a súa soberanía e desenvolver a súa cultura, sen prexuízo dos dereitos e liberdades dos demais.

TERCEIRA AVALIACIÓN

Contidos: ESPAÑA NO PERÍODO DE ENTREGUERRAS - A II REPÚBLICA. A Const. De 1931 e as grandes reformas - A conflictividade social, política e ideolóxica. Os estatutos de autonomía A GUERRA CIVIL - Desenvolvemento e internacionalización do conflito O RÉXIME DE FRANCO - Fundamentos ideolóxicos e sociais. - Caracteres políticos e institucións. - Autarquía e estancamento económico. - España e a situación internacional dos anos corenta e primeiros cincoenta - O plano de estabilización e os planos de desenvolvemento dos anos 60 - Migracións interiores e exteriores e evolución da estrutura social - Os inicios da crise - As forzas de oposición á dictadura. Conflictos sociais e políticos - A dinámica política e cultural do franquismo A ESPAÑA ACTUAL - A transición democrática. Const. De 1978. O Estado das Autonomías. O Estatuto galego - A situación socioeconómica dos anos noventa - España no escenario internacional. A incorporación á C.E. e á O.T.A.N. -	Procedementos: - Utilización de diversas fontes orais e escritas que permitan identificar a evolución no tempo de aspectos relacionados coa vida cotiá (cambios tecnolóxicos, pautas culturais) - Interpretación de representacións gráficas, datos estatísticos etc que reflictan a evolución económica do último tercio do século XX - Utilización de diversos medios (videos, diapositivas, discos, fotografías etc) que faciliten a comprensión das tensións e da dinámica cultural de España durante o franquismo. - Realización de diversas representacións gráficas (mapas conceptuais, esquemas) para simbolizar a organización e o funcionamento das Institucións autonómicas, nacionais e internacionais - Identificación das distintas propostas de organización territorial do Estado e análise comparativo dos rasgos que definen o actual Estatuto galego respecto ós que tiña o Estatuto do 36	Actitudes: - Actitude solidaria cos pobos que atravesan situacións de autoritarismo político - Valoración dos dereitos humanos como unha importante conquista histórica e como un ben a conservar - Rexeitamento á censura ideolóxica que impide a difusión de manifestacións creativas das persoas ou dos grupos - Cooperación na consecución de intereses que beneficien á comunidade e actitude de implicación na resolución de problemas que afecten á mesma - Utilización do dialogo, a tolerancia, o pluralismo e os valores democráticos nas relacións persoais e no grupo - Valoración do coñecemento histórico como medio para a comprensión de problemas actuais que nos permitan aportar solucións positivas cara o futuro
--	--	--

AVALIACIÓN (CRITERIOS, PROCEDIMENTOS, SISTEMA DE CALIFICACIÓN)
Nivel de Selectividade DOMINIO DO COMENTARIO DE TEXTO (mapas, gráficos, etc) Terase en conta a claridade expositiva, o ordeamento de ideas, o razoamento individual sobre feitos históricos, a capacidade de interpretación e, por suposto, a de aplicar os coñecementos adquiridos a situacións novas. EXAME: Demostración dos coñecementos adquiridos e a súa exposición clara, ordeada, comprensible e con certa profundidade NOTA E CALIFICACIÓN: Haberá dous exames por cada avaliación, no segundo sempre volvera a entrar a materia do primeiro, de xeito que a nota será a media dos dous, ou se é superior a do segundo quedará anulada a do primeiro sempre e cando a do primeiro exame sexa superior a 3, senon é así farase a media entre os dous; no caso de aprobar o primeiro e suspender o segundo para poder facer media a nota deste último debe ser dun catro como mínimo. Teranse en conta os comentarios de texto feitos polo alumno e a súa actitude de atención e traballo na clase. Cada exame será a Composición dun comentario de texto, a partir de diversos documentos, e terá un valor de 10 puntos; semellante ós que teñen que facer na Selectividade. A duración do exame será de unha hora e media. Despois de cada avaliación haberá recuperación da materia trimestral, agas a final de curso dada a premura de tempo. A nota final será a media das tres avaliacións. - A ortografía deberá ser correcta - A un alumno de 2º de Bacharelato esixeselle un correcto uso da gramática que faga intelixible os seus escritos.
HOMOXENEIZACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- Coñecer os contidos propios da materia - Exposición clara e coherente tanto oral como escrita - Corrección ortográfica e uso dos signos de puntuación - Na elaboración de traballos, valórase: a capacidade de síntese e as aportacións persoais - Na exposición oral de traballos, valórase: o vocabulario propio e a claridade expositiva; a comprensión do contido - No que respecta á libreta de clase, exames escritos e traballos en xeral, terase en conta a limpeza e a presentación - A presentación de traballos dentro das datas preestablecidas cumprírase rigurosamente: No caso de demora será necesaria unha xustificación, dándose o prazo dun día máis. En caso de que o retraso persista non se admitirá o traballo dese alumno
OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA ACADAR AVALIACIÓN POSITIVA
- Entender os cambios fundamentais que xustifican o inicio da chamada “ Historia Contemporánea” - Situar cronoloxicamente acontecementos relevantes na Historia de España - Recoñecer e vincular determinadas persoaxes cos citados acontecementos - Relacionar o que acontece en España co contexto internacional - Comprender a diferente evolución socioeconómica de determinadas partes de España e as súas implicacións políticas e culturais - Detectar a complexidade causal dos acontecementos históricos, apreciando as diferenzas entre o punto de vista da época e o que proporciona a perspectiva temporal - Identificar os diferentes procesos constitucionais españois, a concepción do poder, o recoñecemento dos dereitos individuais, etc, e relacionalos coas distintas ideoloxías políticas e intereses sociais. - Recoñecer manifestacións culturais dos últimos séculos en poñelas en relación co contexto histórico. - Caracterizar a diferente evolución socioeconómica e cultural dalgunhas partes de España e identificar as distintas propostas de organización territorial do Estado na época contemporánea - Obter de fontes diversas información sobre o pasado, valorar a súa relevancia e detectar a súa relación cos coñecementos adquiridos, recoñecendo a pluralidade de percepción e interpretacións dunha mesma realidade histórica - Exposición clara e congruente tanto no Comentario de texto como en calquera proba escrita - Corrección ortográfica - Entregar, senon todos, si algúns dos textos mandados facer como deberes - Ter unha actitude de interese e atención nas clases
SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES
Realizar exames parciais, nas mesmas datas que os alumnos do 1º curso, sendo calificados igual que os ditos alumnos. Dependendo da evolución de cada un, o profesor decidirá ou non a súa presentación a unha posible proba final, neste caso sería sobre todo o temario.
SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE
Os alumnos con faltas reiteradas e non xustificadas deben presentarse a un exame final que comprenderá toda a materia explicada ó resto da clase. Así mesmo deben realizar tódolos exercicios, comentarios de texto, traballos etc, que o resto dos alumnos realizaron ó longo do curso. Se as faltas son xustificadas (enfermidade, accidente) o profesor decidirá o xeito de avaliación dependendo de cada caso en particular.
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO
Similar á de Xuño